

UNIVERSIDADE, ARBITRARIEDADES E A BUV

POÑEN EN MARCHA A BIBLIOTECA DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO, OS CRITERIOS POLÍTICOS PASAN POR ENRIBA DOS BIBLIOTECARIOS.

Quen decidiu que a nova Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo contara cunha biblioteca, seguramente ignora o dano que lle fai ó modelo acordado de Biblioteca Universitaria. E chove sobre mollado. Cando aínda sigue escaldando a decisión de cambiar o Regulamento da Biblioteca para permitir o préstamo sine die ó PDI, veñen agora a impoñer a decisión de crear "unha sala de lectura" (eufemismo tra-lo que se agacha unha biblioteca) que dista a penas 40 metros, ou unha pasarela, da Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

É un desatino e unha actuación arbitraria, equivocada e irresponsable. A decisión tómase pensando só nos intereses dunha facultade e dos departamentos que a conforman, actuando deste xeito para non compartir espazo e libros coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Non lles importa o conxunto, a universidade; só queren resolver o seu e ter baixo control todo o que poida caber no que, erradamente, consideran como propio. Andan o seu, e dispoñen irresponsablemente dos recursos e do dos resortes de poder que teñen para facer o que lles peta.

Son os mesmo que, se nun departamento hai un conflito entre as áreas pois, en vez de resolvelo dialogando, a área agraviada fai o macuto e muda para outro departamento. Non importa que, por exemplo, a área de Comunicación Audiovisual e Publicidade se integre no departamento de Dereito Público Especial -dereito civil, etc-,. Non importa porque eles, os que ostentan os cargos e teñen responsabilidades, nesta historia son xuíz e parte; empregado e patrón, e estiran todo o que poden a legalidade para actuar, moitas veces, con impunidade ante o abraio do resto. Esta situación estase a dar debido, en parte, o reparto do poder dentro da universidade. Cuotas de poder mandan e o rector "está obrigado" a facerlles este tipo de concesións, sendo secundario a incidencia e o quebranto que estas poidan ter no conxunto da institución.

Máis, tamén pola banda da Biblioteca hai responsabilidades. É obrigado dicir que, por distintas razóns, non se fixo todo o necesario para que este servizo tivera a consideración, respecto e autonomía imprescindibles para ser tidos en conta na toma das decisións. Durante demasiado tempo tiveron unha tutela política, da que algunhas veces non se puideron zafar, e outras non souberon prescindir, e a que lle encomendaron, non só a arbitrase, senón tamén a resolución de asuntos concluíntes que marcaron, e seguen a marcar, o seu destino.

Malia todo, para non caer no desánimo, convén ser optimista. Neste momento, a piques de incorporarse, en comisión de servizos, o novo director da BUV (xa tivo que chover para que persoal facultativo ocupe este posto) hai motivos para selo. A verdade é que terá que traballar arreo para resolver algúns dos problemas que estamos a expoñer, máis para iso ven. Cómpre tamén que saia dos muros da biblioteca e que se mova para conseguir que a BUV teña o lugar e o peso político que lle corresponde.